



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN XERAL DE TRÁFICO E A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS PARA A XESTIÓN, CONTROL E USO COMPARTIDO DE INFRAESTRUTURAS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas formalizou coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.05.2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración conxunta na mellora da seguridade viaria das estradas de titularidade da Xunta de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A DXT, en virtude do disposto no artigo 6.1 do texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a Motor e Seguridade Viaria, aprobado por Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, exerce as competencias atribuídas ao Ministerio do Interior en materia de vixilancia, regulación, xestión e control do tráfico en toda clase de vías interurbanas e en travesías, nos termos establecidos polo seu artigo 5.

O artigo 6.2 da antedita lei establece que, para o exercicio destas competencias, así como para a denuncia de infraccións ás normas contidas nesta lei e para os labores de protección e auxilio nas devanditas vías públicas ou de uso público, actuarán de acordo





co que regulamentariamente se determine, as Forzas da Garda Civil, especialmente a súa Agrupación de Tráfico que, a estes efectos, depende especificamente da Xefatura Central de Tráfico. Para o exercicio das súas competencias, a DXT instalou Sistemas Intelixentes do Transporte (en diante SIT) en parte das vías de alta capacidade e estradas convencionais de titularidade estatal e autonómica.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 22 de xuño de 2016.

